

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 27-08-2025, ditou a resolución con número 2446/2025 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

APROBACIÓN DA LISTAXE DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PARA A COBERTURA TEMPORAL DE PRAZAS DE OFICIAL MANTEMENTO OBRAS (GRUPO C, SUBGRUPO C2)

EXPEDIENTE: 2023/E001/000025 - OFICIAL MANTEMENTO OBRAS

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na OEP 2022 “ordinaria” inclúese catro (4) prazas de persoal funcionario de carreira no posto de **Oficial Mantemento Obras** (Grupo C, Subgrupo C2; Escala Administración Especial, Subescala Servizos Especiais, Clase Persoal de Oficios) para a súa cobertura en quenda libre.

Por acordo da Xunta do Goberno Local en sesión ordinaria 23/2023, celebrada en data 06/11/2023, punto 8.3 da orde do día (Expte. 2023/G007/000023), con corrección de erros por Decreto da Alcaldía núm. 3338/2023, do 29 de novembro, aprobáronse as Bases Xerais e Bases Específicas que regularán a convocatoria pública e o proceso selectivo para a cobertura en propiedade por persoal funcionario de carreira, en quenda libre, de catro (4) prazas de Oficial Mantemento Obras (grupo C, subgrupo C2), da escala de Administración Especial, subescala Servizos Especiais, clase Persoal de Oficios, incluídas na OEP 2022 Ordinaria do Concello de Carballo.

Publicouse anuncio da aprobación das bases xerais e bases específicas e convocatoria das catro (4) prazas de Oficial Mantemento Obras incluídas na OEP 2022 “ordinaria” do concello de Carballo no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña núm. 231 do 04/12/2023.

Publicouse anuncio da convocatoria do proceso selectivo das catro (4) prazas de Oficial Mantemento Obras incluídas na OEP 2022 “ordinaria” do concello de Carballo no Diario Oficial de Galicia núm. 99 do 23/05/2024.

Publicouse anuncio da convocatoria do proceso selectivo das catro (4) prazas de Oficial Mantemento Obras incluídas na OEP 2022 “ordinaria” do concello de Carballo no Boletín Oficial do Estado núm. 135, do 04/06/2024.

Segundo.- Finalizado o proceso selectivo, en sesión celebrada o 22/07/2025, o órgano selectivo na súa acta fai pública a puntuación final total dos aspirantes que teñen superado o proceso selectivo, coa relación final das persoas aspirantes seleccionadas para a cobertura das prazas convocadas, e procede a propoñer a Alcaldía o nomeamento como persoal funcionario de carreira nas catro (4) prazas de **Oficial Mantemento Obras**.

Así mesmo, segundo o indicado na **Base Décimo Quinta** das bases reguladoras do proceso selectivo,

*«Elaborarase unha **listaxe de agarda** coas persoas aspirantes que, **superando algún dos exercicios da fase de oposición**, non obtivesen praza, para a cobertura temporal de prazas por persoal funcionario interino nas circunstancias reguladas no artigo 10.1 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 23.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.*

*Esta listaxe de agarda de persoal funcionario interino para a cobertura temporal do posto convocado terá unha vixencia de **tres (3) anos**, a computar dende o día seguinte a súa aprobación definitiva, sen prexuízo de que se poidan realizar novas convocatorias antes da finalización da vixencia desta por necesidade de persoal, que poñan fin a vixencia da mesma. Así mesmo, a vixencia da listaxe poderá ser prorrogada por acordo da Alcaldía.*

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2023/E001/000025
Exp. 2025/G003/002556

A xestión desta listaxe de agarda de persoal funcionario interino será segundo ao indicado na Instrución vixente sobre o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento de persoal interino do Concello de Carballo.»

O órgano selectivo na súa acta final propón ás seguintes persoas aspirantes para a conformación da **listaxe de agarda** de persoal funcionario interino para a cobertura temporal de prazas de **Oficial Mantemento Obras**:

Nº	APELLIDOS	NOME	DNI	Concurso - Oposición		
				C	O	Total
1	CANEDO GENDE	PABLO	***4086**	10,00	66,295	76,295
2	RODRIGUEZ ANGERIZ	JOSE RAMON	***2386**	0,57	72,785	73,355
3	RAMOS DOLDAN	JOSE MANUEL	***1322**	10,00	61,995	71,995
4	CASTRO GESTO	SERGIO	***2572**	0,50	70,285	70,785
5	BECERRA LORENZO	JOSE ANGEL	***0207**	10,00	57,175	67,175
6	MOL PENA	ROBERTO	***3933**	10,00	55,725	65,725
7	RAMA POMBO	CESAR	***2003**	0,25	64,305	64,555
8	VIEITES BLANCO	MARCOS MANUEL	***1227**	10,00	52,075	62,075
9	MOLK CAAMAÑO	PABLO	***3045**	3,05	58,222	61,272
10	RODRIGUEZ PENA	PABLO MANUEL	***1878**	0,25	51,290	51,540
11	CRISTOBO CALVO	AGUSTIN	***9676**	0,30	51,030	51,330
12	VARELA GOLAN	JAVIER	***0392**	-	21,415	21,415
13	CARRACEDO RAMA	MARIA ISABEL	***6890**	-	19,385	19,385
14	CORBEIRA SANMARTIN	MIGUEL ANGEL	***5487**	-	18,375	18,375
15	VILANOVA ESMORIS	DAVID MANUEL	***8744**	-	17,925	17,925
16	CAMBON GONZALEZ	VICTOR ANTONIO	***6233**	-	15,710	15,710

Consonte ao indicado na **Base quinta, apartado g)**, das bases reguladoras do proceso selectivo,

«os aspirantes deben estar en posesión do certificado acreditativo/xustificativo que acredite o nivel de coñecemento da lingua galega, CELGA 3 ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias, debidamente homologado de acordo coa normativa de aplicación, requirido para o desenvolvemento en galego do traballo que a persoa aspirante vai realizar habitualmente no Concello.

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da LEPG os/as aspirantes que non acrediten o dito coñecemento da Lingua Galega requirido, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega, de conformidade ao previsto na base undécima da convocatoria, e que cualificará ao/a aspirante como APTO ou NON APTO»

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2023/E001/000025
Exp. 2025/G003/002556

Polo que, o tribunal na súa acta final acorda que as persoas aspirantes que **non teñen acreditado** estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido, **CELGA 3 ou equivalente**, segundo o sinalado nas bases da convocatoria, e así mesmo, **NON PRESENTADAS á proba de coñecemento da lingua galega** esixida, quedan **EXCLUÍDAS da listaxe de agarda de persoal funcionario interino no posto de Oficial Mantemento Obras**, ao non cumprir un dos requisito de acceso esixido ás persoas aspirantes presentadas ao proceso selectivo.

Á vista do anterior, de acordo coas atribucións que confire á Alcaldía o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar a creación dunha **listaxe de agarda** para a cobertura temporal de prazas de **Oficial Mantemento Obras** (Grupo C, Subgrupo C2), como **persoal funcionario interino**, nos supostos regulados no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 23 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, segundo a proposta elevada polo Tribunal Selectivo a esta Alcaldía, incluída na acta final e de conformidade ao indicado na Base Décimo Quinta da convocatoria.

Listaxe de agarda de persoal funcionario interino para a cobertura temporal de prazas de Oficial Mantemento Obras (Grupo C, Subgrupo C2) do Concello de Carballo:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	CANEDO GENDE	PABLO	***4086**
2	RODRIGUEZ ANGERIZ	JOSE RAMON	***2386**
3	RAMOS DOLDAN	JOSE MANUEL	***1322**
4	CASTRO GESTO	SERGIO	***2572**
5	BECERRA LORENZO	JOSE ANGEL	***0207**
6	MOL PENA	ROBERTO	***3933**
7	RAMA POMBO	CESAR	***2003**
8	VIEITES BLANCO	MARCOS MANUEL	***1227**
9	MOLK CAAMAÑO	PABLO	***3045**
10	RODRIGUEZ PENA	PABLO MANUEL	***1878**
11	CRISTOBO CALVO	AGUSTIN	***9676**
12	VARELA GOLAN	JAVIER	***0392**
13	CARRACEDO RAMA	MARIA ISABEL	***6890**
14	CORBEIRA SANMARTIN	MIGUEL ANGEL	***5487**
15	VILANOVA ESMORIS	DAVID MANUEL	***8744**
16	CAMBON GONZALEZ	VICTOR ANTONIO	***6233**

Segundo.- Esta listaxe de agarda de persoal funcionario interino terá unha vixencia de **tres (3) anos**, a computar dende o día seguinte a súa aprobación definitiva, sen prexuízo de que se poidan realizar novas convocatorias antes da finalización da vixencia desta por necesidade de persoal. Así mesmo, a vixencia da listaxe poderá ser prorrogada por acordo da Alcaldía.

Terceiro.- A xestión desta listaxe de agarda de persoal funcionario interino será segundo ao indicado na **Instrución** vixente, no momento do chamamento da persoa aspirante, sobre o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento de persoal funcionario interino e a contratación de persoal laboral temporal do Concello de Carballo.

Cuarto.- Publíquese a presente Resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e, de forma supletoria, na páxina web municipal, aos efectos de notificación e presentación de alegacións ou recursos.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer **recurso contencioso-administrativo** ante o Xulgado Contencioso Administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses (contados desde o día seguinte ao da publicación da listaxe no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo).

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer **recurso de reposición** ante o Alcalde do Concello de Carballo, no prazo dun mes (contado desde o día seguinte ao da publicación da listaxe no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Carballo). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou produza efectos a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Secretaria Accidental

Evencio Ferrero Rodríguez

Susana Mariño Lorenzo

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretaria Accidental

Susana Mariño Lorenzo